

ETSAC: NORMATIVA PARA A ORGANIZACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS



Redáctase a presente Normativa no contexto do Real Decreto 592/2014 que regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, e tendo en conta que na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ponse especial énfase na realización de prácticas externas en entidades públicas ou privadas de ámbito nacional ou internacional por parte dos estudantes universitarios.

Así mesmo, dende a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúen unha base sólida para a formación integral do estudante universitario ao contribuír para capacitálo na súa futura inserción no mercado laboral.

E tomando en consideración a experiencia acumulada para a organización das prácticas vinculadas aos plans de estudos vixentes na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, en estudos de arquitectura, organismos públicos ou institucións equiparables.

OBXECTIVOS

- Esta normativa establece as condicións básicas que permiten aos estudantes da ETSAC realizar estadias de carácter práctico en centros de traballo en empresas ou institucións.

REQUISITOS

- Para poder participar nunha estadia en prácticas o alumno deberá cumprir os seguintes requisitos:
 - Estar oficialmente matriculado no título de Grao en Arquitectura ou no Grao en Estudos de Arquitectura da Universidade da Coruña. Tamén poderán acollerse a esta normativa os alumnos doutras universidades que realicen estudos de Grao en Arquitectura ou de Grao en Estudos de Arquitectura na UDC ao abeiro dun programa de mobilidade, agás que as normas que regulen o programa dispoñan outra cousa.
 - Ter superado o 50% dos créditos necesarios para a obtención do título de grao.
 - Non poderán ser beneficiarios de estadias en prácticas os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa correspondente empresa ou institución, agás que o autorice a Comisión Docente do Centro.
- Se a praza fora promovida noutro ámbito (Consello Social da UDC, Fundación UDC ou outros organismos) recabarase a información que fora precisa dende o Centro para garantir o cumprimento dos criterios establecidos nesta normativa.

APROBADO EN XUNTA DE ESCOLA DA ETSAC EN DATA 11 DECEMBRO 2014

As prácticas realizaranse baixo unha dupla titoría: un titor profesional e un titor académico. O titor profesional deberá ser necesariamente arquitecto colexiado en calquera país da Unión Europea, agás outro suposto que o autorice a Comisión Docente do Centro, e pertencente á empresa, órgano público ou institución equiparable que oferte a praza.

. O titor académico será un profesor do Centro que será nomeado polo coordinador das prácticas.

MODALIDADE E DURACIÓN

O plan de estudos de Grao en Arquitectura contempla a posibilidade de realizar prácticas externas non obrigatorias, a recoñecer por materias optativas, a través de programas de cooperación educativa con empresas, organismos públicos ou outras institucións equiparables. A este respecto a ETSAC ocuparase, dentro das súas posibilidades, de xestionar unha bolsa que facilite aos alumnos a realización de ditas prácticas.

- As prácticas externas extracurriculares terán recoñecemento académico, quedando recollidas no Suplemento Europeo ao Título.
- A duración das prácticas será como mínimo de 150 horas, e como máximo de 6 meses, podéndose facer dúas renovacións ata un máximo de 18 meses, sempre que non se superen 750 horas no período lectivo correspondente. Durante o período lectivo (entendido como período con clases) non excederán de 80 horas mensuais, de modo que se permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas. Excepcionalmente, nos casos no que o estudante curse unicamente o TFG no título de Grao en Arquitectura ou o PFG no título do Grao en Estudos de Arquitectura da Universidade da Coruña, este poderá realizar unha xornada que non supere as 160 horas mensuais. En calquera caso, en xullo e agosto a duración poderá chegar ás 160 horas por mes.
- Cada 35 horas de prácticas externas poderán ser recoñecidas por un crédito ECTS, a petición do alumno, sendo 4,5 créditos o número máximo de créditos a recoñecer no título de Grao en Arquitectura e 6 créditos máximo no título de Grao en Estudos de Arquitectura da Universidade da Coruña, tal e como queda reflectido nos Planos de Estudos correspondentes.

CONVENIO DE COOPERACIÓN E PROXECTO FORMATIVO

- A realización das prácticas académicas externas require a subscripción previa dun Convenio de Cooperación Educativa que sirva de marco regulador das relacións entre o alumno, a entidade colaboradora, e a Universidade da Coruña. Para tal efecto utilizaranse os modelos de convenios oficiais da UDC.
- Así mesmo asinarase o Proxecto Formativo, que se redactará segundo modelo oficial, onde se indique a duración e período da estadia, o horario e o lugar de realización do traballo, os contidos e as características que conformen o plan de traballo que se levará a cabo na entidade colaboradora tendo en consideración as competencias que debe adquirir o alumno.
- As prácticas terán un carácter formativo, polo que non suporán a cobertura de ningún posto de traballo na empresa ou institución que oferta a práctica, nin derivarán obrigas propias dunha relación laboral; sen embargo, pola realización das actividades prácticas, os estudantes percibirán unha axuda económica. O importe de tal axuda quedará establecido no correspondente anexo ao Acordo de Cooperación Educativa e

non poderá ser inferior ao 80% do salario mínimo interprofesional exceptuando, no seu caso, aqueles convenios asinados con institucións públicas.

- O alumno asinará unha declaración de aceptación pola que se compromete a realizar as tarefas encomendadas e respectar a confidencialidade dos traballos que realice así como as normas de seguridade e prevención que rexan na empresa ou institución.
- A empresa estará obrigada a facilitar ao alumno a documentación necesaria para a realización da memoria correspondente.
- No caso de incumprimento do establecido no convenio, calquera das partes poderá instar á rescisión das prácticas.

COORDINACIÓN E TITORACIÓN

- A coordinación das prácticas recaerá nun profesor do Centro proposto pola Dirección da ETSAC e nomeado pola comisión correspondente.
- O proceso de seguimento das prácticas do alumno será tarefa do titor académico, o cal formará parte do persoal docente do Centro e a súa designación farase a proposta do coordinador.
- A empresa ou institución nomeará un titor profesional que deberá ser obrigatoriamente arquitecto Colexiado na EU e que se encargará das seguintes funcións:
 - Redactar o proxecto formativo.
 - Orientar ao alumno durante a realización do traballo.
 - Elaborar un informe final, dirixido ao coordinador das prácticas, no que se indique a duración e período da estada e o grao de aproveitamento acadado polo estudante nese tempo.
- Os titores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

VALORACIÓN

- O alumno, cando remate as prácticas, fará entrega ao titor académico dunha memoria describindo as tarefas ou traballos realizados, a cal constará de documentación gráfica e escrita, cunha extensión de 5 DIN-A4. Ademais, na memoria, o alumno identificará as achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas realizadas.
- O titor académico revisará a memoria elaborada polo alumno, facendo as recomendacións e puntualizacións pertinentes para corríxila e melloralala, se é o caso. O titor académico á vista da memoria final presentada polo estudante e o informe do titor profesional, acreditará o cumprimento da realización das prácticas e procederá a propoñer o recoñecemento da concesión dos créditos ECTS correspondentes.

A Coruña, 11 de decembro de 2014

Disposición adicional. Facúltase ao coordinador responsable das prácticas externas no ámbito das súas competencias para interpretar e desenvolver a presente normativa.

Disposición final. O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte á súa aprobación pola Xunta de Escola.